

TEMA 3 OS NÚCLEOS DE RESISTENCIA CRISTIÁNS (722-1035)

NÚCLEO CANTÁBRICO

(páxina 88)

1. Que é a Reconquista?

Loita que mantiveron os núcleos de resistencia cristiáns contra os musulmáns na súa idea de reconstruír o antigo reino visigodo.

2. En que dúas áreas xeográficas van xurdir núcleos de resistencia cristián?

Na **Cordilleira cantábrica** e nos **Pireneos**.

3. Cando se formou o Reino de Asturias? Onde?

O **Reino de Asturias** formouse a principios do século VIII na cordilleira Cantábrica.

4. Quen era Paio? Que pasou na Batalla de Covadonga no 722?

Paio foi un caudillo de orixe visigoda que derrotou aos musulmáns na batalla de Covadonga.

5. Onde estableceron os sucesores de Paio a capital do reino?

Os sucesores de Paio estableceron a capital do reino en **Oviedo** no 808.

6. Ata onde se establecía o reino en tempos de Alfonso III?

En tempos de Alfonso III estendíase desde Galicia e a cabeceira do Ebro ata o Douro.

7. Quen fixo Ordoño II no 914? A que deu lugar?

Ordoño II, fillo de Alfonso III que reinaba en Galicia e no ano 914 convértese tamén en rei de León, trasladou a capital do **Reino de Asturias** de Oviedo a León dando lugar ao **Reino de León**.

O REINO DE GALICIA

Le o **texto** e contesta ás preguntas.

8. Quen foi o primeiro rei de Galicia? Cando e como remata o reino?

Ordoño foi o primeiro **rei de Galicia** que, cando se fai tamén co trono leonés, aquel quedará integrado no trono do Reino de León no 914.

9. Quen foi Fernando I? Que fixo no 1037?

(páxina 88)

Fernando I, fillo de Sancho o Maior de Pamplona, herdou o Condado de **Castela** no 1035 co título de **rei**. No 1037 apropiouse do Reino de León.

NÚCLEO PIRENAICO

(páxina 89)

10. Que tres núcleos de resistencia van xurdir nos Pireneos? Contra que tiveron que loitar para acadar a súa independencia?

Nos Pireneos xorden tres núcleos de resistencia: Pamplona, Aragón e Cataluña. Estes tiveron que loitar tanto contra o poder dos francos como dos musulmáns.

11. Cando naceu o reino de Pamplona?

O **Reino de Pamplona** naceu cando os os vascóns liderados por Íñigo Arista logran librarse do dominio de francos e musulmáns.

12. Cando e con quen alcanzou o seu maior esplendor?

O reino acadou o seu maior esplendor con Sancho III o Maior a inicios do século XI.

13. Que sucedeu á morte de Sancho III o Maior en 1035?

Tras a súa morte dividiu o reino entre os seus fillos deixando o Reino de Pamplona ao seu fillo García Sánchez III, o Condado de **Aragón** convertido en **Reino** a Ramiro e o Condado de **Castela**, tamén agora **Reino**, a Fernando.

14. Que foi o primeiro rei de Aragón? Cando?

Foi Ramiro cando morreu o seu pai no 1035, deixoulle o Condado de Aragón co título de rei, nacendo así o **Reino de Aragón** e converténdose no seu primeiro rei.

15. Que era a Marca Hispana? Que foi Wifredo o Piloso? Que fixo? Cando?

A **Marca Hispana** era un conxunto de condados creados polos reis francos para frear as incursións musulmáns no reino. Wifredo era o conde de Barcelona que reuniu diferentes condados baixo o seu dominio na segunda metade do século IX.

16. Que sucedeu coa Marca Hispana a finais do século X?

A finais do século X, os seus sucesores de Wifredo independizáronse de feito do poder dos francos.

ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO

(páxina 90)

17. Que era a *Repoboación*?

A **Repoboación** consistía en instalar nova poboación e poñer en cultivo a terra arrebatada ao Islam.

18. Que dous sistemas eran os máis comúns? Define *Carta de poboamento*.

O sistema máis empregado foi a **presura**, a ocupación libre da terra que convertía en propietario a quen a cultivara. Outras veces o rei ou conde a organizaba mediante **Cartas de poboamento** ou **Cartas Puebla**, documento escrito onde se establecían as normas que debían cumprir os poboadores, a repartición das terras e os privilexios concedidos aos repoboadores.